

“2. Resolución de expedientes de contratación.

Resolución do expediente de contratación do contrato de obras “Construcción dun Polideportivo Municipal na Trabe”, (Ponteceso).

A Xunta de Goberno Local na sesión do 12 de xaneiro de 2009, acordou aprobar a Memoria Explicativa do proxecto de inversión redactada polo Técnico Municipal para a tramitación do Fondo Estatal de Cooperación Local.

Por providencia de alcaldía de data 03-03-2009, aprobouse iniciar o expediente para a contratación da obra “Construcción dun Polideportivo municipal na Trabe (Ponteceso), motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Con data 10-03-2009 incorporouse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 11-03-2009, acordou aprobar o expediente de contratación da obra “Construcción dun polideportivo municipal na Trabe (Ponteceso).

Con data 06-04-2009, certificáronse as ofertas que constan no expediente.

Con data 06-05-2009, vistas as Actas da Mesa de Contratación, e a súa proposta de adxudicación, o órgano de contratación adxudicou provisionalmente a favor da empresa EOC GALICIA, S.A. o contrato da obra “Construcción dun Polideportivo Municipal na Trabe (Ponteceso), polo prezo de 1.110.628,50 € (957.438,36€ de execución material e 153.190,14€ de IVE).

Con data 08-05-2009, a adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do órgano de contratación, e, na mesma data, notificouse a todos os candidatos licitadores.

A adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario EOC GALICIA, S.A. requiríndoo para que presentase a documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constiuíse a garantía definitiva.

Con data 13-05-2009, o adxudicatario provisional EOC GALICIA, S.A., constituíu a garantía definitiva por importe de 47.871, 92 euros (corenta e sete mil oitocentos sesenta e un euros e noventa e dous céntimos de euro) e presentou os documentos xustificativos esixidos, a excepción da Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para contratar, que foi presentada o día 18 de maio de 2009.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO: Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contratos de obras para a “Construcción dun Polideportivo municipal na Trabe (Ponteceso)”, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 06-05-2009 a favor da empresa EOC GALICIA, S.A.

SEGUNDO: Comunicar á empresa adxudicataria do contrato, que deberá cumprir as seguintes prescripcóns, en relación coa contratación dos novos traballadores desempregados: (en interpretación do establecido na cláusula vixésimo oitava do Prego de cláusulas administrativas particulares (Condicións especiais de execución)).

- Dentro dos cinco días seguintes á sinatura da acta de comprobación do replanteo, a empresa EOC GALICIA, S.A deberá presentar no concello, os 30 contratos de traballo formalizados con traballadores que se atoparan en situación legal de desemprego así como a súa correspondente alta na seguridade social, respetando o MODELO DE COMPROMISO DE FOMENTO DO EMPREGO, presentado na súa oferta.
- Este número de 30 traballadores desempregados a contratar deberá manterse inalterado durante todo o período de execución do contrato (7 meses, de conformidade coa proposta presentada por EOC GALICIA, S.A.). Se recorda á empresa a súa obriga de, con independencia de que existan ou non cambios no persoal en función das súas necesidades, manter ao longo da execución da obra a proporción de traballadores contratados para cada categoría de conformidade coa oferta presentada.
- De conformidade coa cláusula vixésimooitava das dos pregos que rexeron a contratación, a empresa EOC GALICIA, S.A deberá presentar mensualmente acompañando a cada certificación de obra, unha declaración dos postos de traballo creados así como das altas e baixas que se produciran. A esta declaración se deberá achegar copia compulsada polo/a secretario/a do concello dos contratos de traballo correspondentes ás altas así como os documentos de cotización á seguridade social (TC) correspondentes aos 30 traballadores.
- O incumprimento das condicións especiais de execución que constan nos pregos que rexeron a contratación, en especial a referida á contratación de persoal, así como o incumprimento dalgún/s criterio/s de adxudicación por parte da empresa EOC GALICIA, S.A , dará lugar á imposición das penalidades previstas na cláusula vixésimonovena.
- O novo persoal que a empresa EOC GALICIA, S.A necesite empregar para a execución da obra deberá atoparse na situación legal de desemprego conforme

ao previsto no artigo 208 da lei de seguridade social. O incumprimento desta condición, se de conformidade coa cláusula vixésimonovena apartado a) das dos pregos ten a consideración de infracción moi grave, será causa de resolución do contrato.

TERCEIRO: Dispoñer o gasto por un importe total de 1.110.628,50 € (957.438,36€ de execución material e 153.190,14€ de IVE), con cargo á partida orzamentaria 2009.452.9a.622.00 do orzamento municipal.

TERCEIRO: Notificar a adxudicación definitiva aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO: Notificar a EOC GALICIA, S.A., adxudicataria do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte o da notificación da adxudicación definitiva.

QUINTO: Publicar a adxudicación definitiva do contrato de obra “Construcción dun Polideportivo Municipal na Trabe (Ponteceso),no Perfil do Contratante e no Boletín Oficial da Provincia no prazo de 48 días a contar a partir da data de adopción do presente acordo.

SEXTO: Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público.